

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2025/G007/000010**

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En cumprimento do establecido no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 48 e 49 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, e en virtude das atribucións que me confire o artigo 124. 4. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesións da Casa do Concello (praza Maior, 1) o vindeiro **martes**, día 23 de setembro, ás **10.00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día:

1/117 QUE O CONCELLO DE LUGO ASUMA A RESPONSABILIDADE DE LIDERAR O PROCESO DE CONTROL METROLÓXICO DOS CONTADORES DE AUGA POTABLE QUE LEVAN MÁIS DE 12 ANOS INSTALADOS E QUE DEBEN SER VERIFICADOS OU SUBSTITUÍDOS.

2/118 CLARIFICAR AS FÓRMULAS DE COLABORACIÓN ECONÓMICA NO PROCESO DE VERIFICACIÓN OU SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES, ASÍ COMO A ACTUACIÓN DA CIDADANÍA A ESTE RESPECTO E A PRESENTACIÓN DUNHA PLANIFICACIÓN CLARA E CUMPRIBLE.

Todo iso de conformidade coa solicitude de Pleno extraordinario formulada polo Grupo Municipal Popular, e por tanto máis da cuarta parte dos membros da Corporación, con data do 28 de setembro de 2025, número de Rexistro de Entrada 241, e escrito de aclaracións do 2 de setembro de 2025, número de Rexistro de Entrada 242.

No caso de non poder asistir deberá acreditarse con antelación suficiente ante esta Alcaldía. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 46.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Notifíquese de forma axustada á legalidade.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez